



**SOCIEDADE DEPORTIVA
BARBANTIA RODA**
CIF.- G70420419
CL VIMIEIRO, 14 OF. JEALSA
15930 Boiro (A Coruña)
Tel. 629869217

Memoria da actividade: **ANDAINA SANTA COMPAÑA 2026**

1. Datos xerais da actividade

Denominación

VIII Andaina Santa Compañía 2026 .

Descrición xeral

Andaina de carácter lúdico recreativo no que ao longo dun percorrido de aproximadamente 8 Km. se realizan representacións e escenas relacionadas coa Santa Compañía.

Organizador.

- **SOCIEDADE DEPORTIVA BARBANTIA RODA**

Colaborador

- Concello de Rianxo.
- Protección civil Rianxo.

Datas

15 de agosto de 2026.

Horario

22:30 a 3.00 h.

Localización e percorrido

O punto principal da actividade sitúase na Area Recreativa de Campo Maneiro, na parroquia de Taragoña.

A andaina iniciarase ás 23:00 h. realizando un percorrido circular ata a aldea de Ourille pasando polo alto do Castro Barbudo e rematando de novo na area recreativa campo Maneiro.

(Ver Anexo I)

2. Regulamento

Artigo 1.- Organización

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Rianxo en colaboración coa Sociedade Deportiva Barbantía Roda e co Concello de Rianxo, organiza a

“VIII Andaina Santa Compañía 2026”, o vindeiro 15 de agosto.



**SOCIEDADE DEPORTIVA
BARBANTIA RODA**
CIF.- G70420419
CL VIMIEIRO, 14 OF. JEALSA
15930 Boiro (A Coruña)
Tel. 629869217

Artigo 2.- Persoas destinatarias

Maiores de 18 anos. Aqueles/as participantes con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos poderán participar cunha autorización por escrito dos proxenitores. Entre os 8 e os 14 anos ademais do anterior deberán ir acompañados/as dun adulto.

Artigo 3.- Inscripcións e prazas

- A inscrición é obrigatoria e poderá formalizarse en:
<https://web.rockthesport.com>
- A actividade tera un custo de 5 euros con límite de prazas de 1600.
- O prazo remata o 12 de agosto.

Artigo 4.- Andaina

- A distancia será de 8 Km aproximadamente e o percorrido é unha sorpresa.
- A andaina comezará as 23:00 e o punto de encontro para a saída será na Área Recreativa de Campo Maneiro (Taragoña).
Polo tanto é un evento exento de publico. Solo participantes.

Artigo 5.- Información

Poderase atopar máis información en :

- concelloderianxo.gal
- facebook.com/concelleriadedeporteepatrimoniohistorico

Artigo 6.- Normativa xeral e de seguridade

- A organización resérvase o dereito de modificar datas ou percorridos, así como aprazar ou suspender a actividade por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas, tales como alertas laranxa, valores do IRDI,...
- A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes na actividade.
- Cada participante será a encargada do seu avituallamento durante o percorrido.
- Recoméndase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva.
- **Non se permitirán animais de compañía.**



- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Artigo 7.- Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións

- A inscrición na actividade supón a aceptación das presentes bases.
- As persoas inscritas declaran estar en bo estado físico e ter pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, e deberán facer constar calquera incidencia médica (alerxias, atencións especiais...).
- As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.

3. Programa xeral

Sabado, 15 de agosto:

- 22 h. Control participantes A.R. Campo Maneiro.
- 23 h. Inicio andaina.
- 3:00 h. Remate da actividade.

4. Número estimado de participantes

Baseándose nas anteriores edicións estimamos unha participación de 1600 persoas.

5. Seguro de Responsabilidade Civil

A Sociedade Deportiva Barbantia Roda, C O - organizadora da actividade, e o Concello de Rianxo, dispoñen da necesaria póliza de responsabilidade civil.

Anexamos póliza e recibo de pagamento da póliza de Barbantia e do Concello de Rianxo.

6. Outras consideracións



**SOCIEDADE DEPORTIVA
BARBANTIA RODA**

CIF.- G70420419

CL VIMIEIRO, 14 OF. JEALSA

15930 Boiro (A Coruña)

Tel. 629869217

A organización comprométese a utilizar cintas e balizas para sinalizar o percorrido que non causen dano algún ao medio, así como a recollelas unha vez remate a proba (1 -2 días).

Co fin de iluminar certos puntos do percorrido a organización utilizará 1 xerador autónomo e un liña de lámpadas led. As persoas participantes terán permitido o uso de lanternas ou dispositivos similares, nunca o uso de fachos ou calquera outro dispositivo que precise de ascuas ou lume.

O Concello de Rianxo así como Protección Civil comprométese á destinar a todo o persoal e os medios materiais de Protección Civil durante o tempo que dure a actividade, así como asistencia de outras agrupacións de protección civil e destacamento zonal de Bombeiros do Barbanza como en anos anteriores, contado tamen en todo o percorrido con medios de extinción móbiles, así como medios sanitarios.

Rianxo, a 21 de abril de 2026.

ASDO: MANUEL GOMEZ VILLANUSTRE

PRESIDENTE

SOCIEDADE DEPORTIVA BARBANTIA RODA



**SOCIEDADE DEPORTIVA
BARBANTIA RODA**
CIF.- G70420419
CL VIMIEIRO, 14 OF. JEALSA
15930 Boiro (A Coruña)
Tel. 629869217

Anexo I



Percorrido VII Andaina Santa Compañía 2025